


Roald Dahl

(1916-1990)

Novelista británico e autor de contos para nenos e adultos.


Algunhas obras: **Matilda**, **As bruxas**,
Charlie e a fábrica de chocolate
Voando só, **Relatos de lo inesperado**.



Boy (relatos de infancia)
(1984)



Club de lectura VALDELÁNCARA



Memoria de infancia

CPI Ramón Piñeiro



El camino. *Miguel Delibes.* Un neno de once anos evoca as vivencias cos amigos antes de marchar a estudar á cidade. Ofrece un gran retrato psicológico de personaxes infantís.

Mi planta de naranja lima. *J.M. Vasconcelos* Presenta a vida dun neno que se fai adulto precozmente: a vida, a fantasía, a aprendizaxe, as ilusións, os desexos... Un clásico da literatura brasileira.

El llamador. *Alberto Salas* Evocación dos escenarios da infancia do autor no barrio de Palermo Viejo de Buenos Aires.

Historias de la Alcarama. *Abel Hernández* magnífico relato da súa infancia en Sarnago, pequena vila hoxe deshabitada de Soria.

Memorias dun neno labrego. *X. Neira Vilas* Clásico da literatura galega que amosa como era o estilo de vida dos anos corenta.


Chico de barrio. *E. Olmi.* Recordos de infancia e adolescencia durante a segunda Guerra Mundial, cando vivía con seus pais en Bovisa, un barrio obreiro da bisbarra de Milán.

El cielo se cae. *L. Mazzetti.* Na Segunda Guerra Mundial, dúas nenas son acollidas nunha vila italiana por seus tíos e curmáns.

Primera memoria. *Ana M^a Matute.* unha pre-adolescente atrapada durante a guerra Civil nas illas Baleares. Nun ambiente asfixiante vivirá, desde o seu mundo, os odios que hai no pobo.

A nosa cinza. *X. Alcalá.* Novela sobre o paso da infancia á adolescencia na Galicia de postguerra.

Nieve en primavera. *Moying Li.* Relato autobiográfico da infancia e adolescencia en China durante a Revolución cultural.



El mundo. *J.J. Millás.* O autor conta a súa infancia en Valencia e a marcha a Madrid: a perda do paraíso.

Las musarañas. *J.A. Muñoz Rojas.* «Te quedas ahí pensando en las musarañas», le decían al autor cuando era niño. E eses seres quedaron na súa memoria.

Fez es un espejo. *Abdellatif Laâbi.* Conta a infancia no mundo árabe mirando o pasado con humor.

La rosa. *C. J. Cela.* Inicio das memorias do autor. É «un libriño sentimental e quizais inxenuo» do que « sempre se recorda con confusa e alegre nostalgia».

Las pequeñas memorias. *J. Saramago.* Me interesa conocer mi relación con ese niño que fui. Ese niño está en mí, siempre ha estado y siempre lo estará.

Paraíso inhabitado. *Ana M^a Matute.* «Nací cuando mis padres ya no se querían». Así comeza a novela que recrea un universo infantil e maravilloso.

Os biosbardos. *E. Blanco Amor.* Sete magníficos relatos que recrean o mundo da infancia e adolescencia.

La otra gente. *P. A. Urbina.* Dezasete relatos moi curtos, todos cun protagonista neno que se decata de algo...

La vida sobre ruedas. *M. Delibes.* Catro relatos vinculados ao deporte, a partir de escenas cómicas da infancia e adolescencia do autor.

El vaso de plata. *A. Marí.* Rescata da memoria distintos momentos da adolescencia do protagonista; relatos conmovedores sobre a formación moral e nostalgia das excursións dominicais, viaxar por primeira vez lonxe de casa...

Mi familia y otros animales. *G. Durrell.* Fascinantes memorias de infancia cheas de xente rara .

En casa del abuelo y otros relatos. *D. Thomas.* Oito relatos que describen, de modo pouco convencional, recordos de infancia e xuventude do autor.

